

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Renda e Exaccións

Aprobación da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixos e residuos urbanos do Concello de Arteixo correspondente ao segundo semestre de 2024

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN DO PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXOS E RESIDUOS URBANOS DO CONCELLO DE ARTEIXO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO SEMESTRE DE 2024.

EDICTO

Por Resolución da Alcaldía de data 07 de marzo de 2025 e con número 615, acordouse:

PRIMEIRO: Aproba-lo padrón da “taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixos e residuos urbanos do Concello de Arteixo ” (ordenanza fiscal nº 14), correspondente ao SEGUNDO SEMESTRE 2024, no que 17.764 recibos por un importe de UN MILLÓN SETENTA E UN MIL CATROCENTOS TRINTA E UN EUROS E OITENTA E CATRO CENTIMOS (1.071.431,84 €), segundo o seguinte detalle:

VIVIENDAS	16.664 UF	816.781,36 €
EMPRESAS	1.100 UF	254.650,48 €
TOTAL	17.764 UF	1.071.431,84 €

DOMICILIADOS	12.603 UF	760.271,15 €
NON DOMICILIADOS	5.161 UF	311.160,69 €

SEGUNDO: Expoñer ao público tódolos datos incorporados ao Padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de Arteixo. Esta exposición, por prazo de quince días dende a correspondente publicación no BOP, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO: Fronte aos recibos incorporadas ao Padrón, tódolos interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao remate da exposición ao público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo de un mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses, dende a notificación da resolución expresa, ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente”.

CUARTO: O prazo de pagamento en período voluntario será dende o 10 de marzo de 2025 ao 14 de maio de 2025. Para o cobramento dos citados tributos se remitirá ao enderezo dos suxeitos pasivos un recibo co obxecto de que o seu importe sexa ingresado, no prazo voluntario indicado.

As formas de pago son as seguintes:

1.- Na ventanilla das entidades bancarias colaboradoras, nos días e horarios que teñan habilitados a tal fin, e tamén a través da súa rede de caixeiros.

2. Na páxina web do Concello de Arteixo (www.arteixo.org), pinchando en “Pagos on line”(ABANCA).

Para os contribuíntes que teñan domiciliado o pagamento nunha entidade financeira os recibos seranlles cargados na conta por eles indicada o vindeiro **17 de marzo de 2025**. As persoas que non reciban ou extravíen os recibos mencionados poderán solicitar un duplicado nas oficinas do Concello, sitas na Praza Alcalde Ramón Dopico, antes do remate do prazo indicado, dado que a falta de recepción non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento. Asemade, poderán interpoñer as reclamacións que estimen pertinentes ou solicitar canta información precisen en horario e 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Advírteselles de que transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento, logo de devengar o recargo de prema, xuros de mora e, no seu caso, as custas que se produzan.

QUINTO: Dar traslado da presente Resolución aos Departamentos de Tesourería, e de Intervención, aos efectos oportunos.

Arteixo, 07 de marzo de 2025.

Asina dixitalmente: Emilio Maceiras López (CONCELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA)

2025/1509